
 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
---	--	--

FICHA RESUMO

PE 403A 2009/46-5

Ano	2010
Entidade	CONFRARÍA DE PESCADORES DE VIGO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN DE EXPLOTACIÓN DE OURIZO
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO-RECURSO ESPECÍFICO
Modalidade⁽³⁾	MERGULLO EN APNEA OU CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE A SUPERFICIE

Especies	Ourizo (<i>Paracentrotus lividus</i>)
Ambito do plan	De cabo de Mar á praia de Abra (esta última excluída).
Subzonas probables de explotación	Illa de Toralla, Cabo Estai, Os Cullóns

Participantes no plan de explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/habilitacións
-	6	9
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións
-	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción		(**) 86										
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ De xaneiro a abril e de novembro e decembro (de luns a xoves)												
Modalidade⁽³⁾: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie.												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X							X	X	

Topes de captura			
Especies	A pé	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Ourizo		150 kg	75 kg

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
Puntos de control	Zona de traballo e lonxa de Canido
Puntos de venda	Lonxa de Canido

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas:												
Extracción semente para resembr												
Zonas:												
Especies:												
Sementeiras	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D

(*) Modificado por Resolución do 22 de marzo de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM

(**) Modificado por Resolución do 23 de xuño de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Ambito do plan: o plan para anos anteriores foi autorizado dende Cabo de Mar ata praia de Abra, este ano ao igual que o pasado solicitase ampliar a zona de produción ata Puntal de Serra. Sen embargo na carta náutica incluída no plan de explotación figuran como zona de extracción de Cabo de Mar ata a Praia de Abra (incluída).

Tendo en conta que habería solapamento con respecto á zona solicitada polo plan de ourizo da confraría de Baiona, que solicita ata a praia de Abra polo Norte, e que a zona de produción debe reflectir aquelas zonas nas que realmente existe extracción ou se dan as condicións favorables para unha futura explotación (o cal non é o caso da praia de Abra, que non é o biotopo adecuado para esta especie). **A zona de traballo autorizada é a comprendida de Cabo de Mar á praia de Abra (esta última excluída).**

Proposta de ampliación: non se acepta a ampliación do número de embarcacións e tripulantes que figura contemplada na proposta de plan, dado que non existe ningunha avaliación da biomasa de ourizo presente nas zonas a explotar, e ademais continúa a tendencia descendente das capturas e do esforzo sobre o recurso. Ademais sería necesaria unha mellora do funcionamento dos puntos de control e do nivel organizativo do colectivo. Finalmente lembrar que calquera ampliación do embarcacións ou tripulantes realízase de conformidade coa Resolución de 9 de outubro de 2007 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se modifica o baremo aplicable para o acceso á explotación dos recursos específicos, non podendo propoñer no plan ás novas embarcacións, nin asignar aos novos tripulantes a embarcacións concretas.

Calendario: (**) Establécese en 86 o número máximo de días autorizados, desenvolvéndose a actividade de luns a xoves. Durante os venres unicamente se realizarán labores de rareo e traslado de exemplares de ourizo.

Advírtese que os días autorizados que non foran anulados computan a efectos do número máximo de días aprobados. Se o colectivo pretende non traballar nun día que está autorizado, a confraría debe remitir solicitude de peche á delegación territorial explicando o motivo, e con

(*) Modificado por Resolución do 22 de marzo de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM 2

(**) Modificado por Resolución do 23 de xuño de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM



anterioridade ao comezo da xornada de traballo.

Non se poderá simultanear a explotación de distintos recursos específicos, situación que daría lugar á baixa inmediata nos plans de explotación.

(*) Labores de reareo e traslado: As labores de rareo e traslado de exemplares de ourizo realizaránse unicamente os **venres** dos meses autorizados no plan e baixo a dirección e coordinación do biólogo de zona.

A zona de **extracción:**

- peirao dende praia A Manquiña a punta da Guía
- enseada de Alcobre á praia de Samil

A zona de **repobación** na que non se realizará a extracción durante un período de dous anos dende que finalicen os traslados para permitir o crecemento e reprodución dos exemplares trasladados. Será necesario o informe dos técnicos para a extracción nesta zona unha vez rematado o período de descanso establecido.

- Baixo de Buraseiro (enseada de Samil á altura da illa de Toralla): UTM X517146.77 Y4673012.9
- Petóns de Cullóns (enfrente do portiño en Salláns): UTM X514986.48 Y4668940.37

Horario de traballo: De conformidade co establecido no artigo 126 do Decreto 424/1993, do 17 de decembro, a captura de ourizo poderá realizarse “tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9:00 e 15: 00 horas”. Lémbrese que segundo o artigo 127 do mencionado decreto as artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita.

(*)

Remisión dos datos de captura: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas, e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Actividade de mergullo:

Segundo o informe da sección de formación pesqueira emitido en data 09.11.2009 autorízase a realización das inmersións necesarias para a execución do plan sempre e cando sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente, coas seguintes particularidades:

Coa primeira solicitude de apertura deberán presentar o plan de seguridade aprobado pola autoridade marítima correspondente.

(*) Modificado por Resolución do 22 de marzo de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM 3

(**) Modificado por Resolución do 23 de xuño de 2010 da D.X. de Ordenación e Xestión dos RRMM